

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA OS POSTOS DE PEÓNS DE XARDÍNS DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANUALIDADE 2016.

---

Proceso selectivo: Contratación de 2 PEÓNS DE XARDÍNS mediante a modalidade de contrato laboral temporal ao abeiro do programa de "Financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2016" segundo subvención concedida pola Deputación Provincial de A Coruña.

No Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, ás 9:00 h do día 06/10/2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover dúas prazas de PEÓN DE ALBANEIS, para as tarefas incluídas no PLAN DE REFORZO DE CUADRILLAS DE OBRAS E PARQUES MUNICIPAIS ao abeiro do antedito programa e segundo as bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 445/2016 do 25/09/2016 e rectificadas mediante Resolución de Alcaldía núm. 449/2016 do 26/09/2016 e o tribunal nomeado pola Resolución da Alcaldía núm. 470/2016 do 04/10/2016 e modificado pola Resolución da Alcaldía núm. 472/2016 do 04/10/2016, coa seguinte composición:

Presidente: María Aurora Rodríguez Rey, AEDL auxiliar municipal (II)  
Vocal: M<sup>a</sup> José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)  
Vocal-secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)  
Asesor da proba de galego: Carlos Ces Ozores, enxeñeiro en informática municipal (I)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 26 de setembro de 2016 presentouse a oferta pública de contratación de persoal na oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego de Galicia e, unha vez que se recibiu a listaxe das persoas candidatas, convocáronse para que acudiran o día 6 de outubro ás 9:00 horas, ao Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo.

Segundo: a antedita Oficina de Emprego remitiu unha listaxe de 10 persoas candidatas para participar no proceso de selección; presentáronse 8 aspirantes, quedando as persoas non presentadas excluídas do proceso.

Ás 09:20 h, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar a dita proba.

Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver a proba escrita e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta.

O primeiro é entregarlle un documento no que deben indicar a súa pertenza a algún dos colectivos enumerados nas bases de selección para poder participar neste proceso. Todas as persoas presentes cumpren cando menos cun dos requisitos esixidos.

Ás 9:30 horas iníciase a proba escrita exame que remata ás 10:15 horas.

Ao remate da proba escrita recólleselles ás persoas aspirantes a documentación que presentan para a súa valoración na fase de concurso e que será valorada ao remate da fase de oposición, só a aqueles aspirantes que a superen.

Ás 11:30 horas reúnese de novo o Tribunal reúnese para facer as valoracións dos exames obtendo o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	RESULTADO
TORRES VICENTE VICENTE	Supera a proba
DOMINGUEZ ABUIN DANIEL	Supera a proba
CESPON MUÑIZ JOSE LUIS	Supera a proba
JUEGUEN GARCIA JOAQUIN	Supera a proba
CASTRO FIGUEIRA ROSALINO	Supera a proba
VIDAL DOPAZO JESUS MANUEL	Non supera a proba
REY GARRIDO BENJAMIN	Non supera a proba
VARELA MARTINEZ JUAN	Non supera a proba

Ao remate desta proba se lles comunica ás seis persoas aspirantes que superaron a proba que deben presentarse ás 13:00 horas no Centro Sociocultural – Auditorio para a realización da proba de galego falado incluída no punto 4.3 das bases de selección; non quedando exenta da dita proba ninguén, porque nin un só aspirante presentou a documentación xustificativa do coñecemento de galego esixido.

Ao tratarse dunha proba oral, este exercicio grávase co consentimento dos aspirantes. Remátase esta proba ás 13:45 h co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	RESULTADO
TORRES VICENTE VICENTE	APTO
DOMINGUEZ ABUIN DANIEL	APTO
CESPON MUÑIZ JOSE LUIS	APTO
JUEGUEN GARCIA JOAQUIN	APTO
CASTRO FIGUEIRA ROSALINO	APTO

O tribunal reúnese novamente ás 12:05 horas do día 17/10/2016 para facer a valoración do proceso e da documentación presentada polas persoas aspirantes para a fase de concurso. Unha vez rematadas estas valoracións, as persoas aspirantes que se presentaron para os postos de PEÓN DE XARDÍNS e superaron a fase de oposición, obteñen a seguinte puntuación final:

APELIDOS E NOME	OPOSICIÓN	CONCURSO				TOTALS
	Proba escrita	Exper.	Cursos	Carné	Celga	
TORRES VICENTE VICENTE	10,4	0	0	1	0	11,4
DOMINGUEZ ABUIN DANIEL	8	0	0	1	0	9

CESPON MUÑIZ JOSE LUIS	7,2	0	0	1	0	8,2
JUEGUEN GARCIA JOAQUIN	8	0	0	0	0	8
CASTRO FIGUEIRA ROSALINO	7,2	0	0,5	0	0	7,7

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón** as persoas que se indican de seguido para cubrir, temporalmente, as dúas prazas de PEÓN DE XARDÍNS para o Concello de Rianxo:

APELIDOS E NOME
TORRES VICENTE VICENTE
DOMINGUEZ ABUIN DANIEL

Tendo en conta o establecido no punto 5 das bases que rexen o citado proceso selectivo, estes dous aspirantes con carácter previo á contratación terán que acreditar estar en situación de desemprego para acceder ao posto de traballo, requisito esixido tamén no punto 3 da orden da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña.

Así mesmo, o Tribunal inclúe o resto de aspirantes que superaron o proceso, por orde de prelación, que superaron as probas e non se incluíron na proposta de nomeamento, aos efectos indicados nas ditas bases (substitución, baixas, enfermidade, ...).

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as once 13:30 horas do 17/10/2016, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello e no sitio web municipal.